



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Discursos Críticos e Procesos de Canonización		Código	613584123
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web	<a href="http://www.udc.es/filo/mlcd">http://www.udc.es/filo/mlcd</a>			
Descrición xeral	Estudo dos principais elementos e discursos presentes na construción de comunidades culturais, así como dos medios, estratexias e procesos de construción e naturalización de ideas sobre a cultura, a arte e a propia comunidade no ámbito galego-portugués.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico

Resultados da aprendizaxe
---------------------------



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Integrar os estudos literarios nun contexto intercultural máis extenso e que ultrapase os límites dunha única comunidade, atendendo nomeadamente á diversidade cultural do ámbito galego-portugués.	AM1		CM4
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.	AM8		
Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AI1		
Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM9		
Alargar o concepto de literatura e entendela en relación con outros campos culturais, utilizando ferramentas e tecnoloxías apropiadas para o seu estudo.	AM2 AM3		CM5
Analizar e interpretar tanto textos como mecanismos e procesos de comunicación aplicando diferentes modelos teóricos e ferramentas de análise.	AM5 AI3		
Adquirir a capacidade de utilizar ferramentas, tecnoloxías e recursos de investigación interdisciplinares para a súa aplicación á resolución de problemas en entornos diversos no ámbito dos estudos literarios e culturais.		BP1	CM2 CM6
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais	AI2		
Asumir a importancia e os beneficios sociais da aprendizaxe e coñecer os medios para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común		BP2 BP3 BP4 BP5	CM3
Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico e desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.			C11 C12

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A crítica e (é) a cultura	1.1. Función e posición da crítica nos sistemas culturais 1.2. Crítica, historiografía e teoría literaria/cultural
2. Campo da crítica e procesos de canonización	2.1. Estratexias de atribución de valor e creación de sentido 2.2. Discursos críticos, cánone, conflito e identidade 2.3. Alternativas críticas
3. Procesos de canonización no intersistema cultural galego-portugués	3.1. Criterios canonizadores 3.2. Estudos de caso

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A8 B5 B6 C4	6	6	12
Discusión dirixida	A3 A2 B7 B8 C3 C5	5	8	13
Traballos tutelados	A14 B4 C2 C6 C8	1	20	21
Lecturas	A13 A5 A9	1	20	21
Prácticas a través de TIC	A2	1	2	3
Presentación oral	A12 C7	2	2	4
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.
Traballos tutelados	Realización dun breve estudo relacionado cos asuntos abordados no seminario. Este traballo poderá ser realizado de maneira individual ou colectiva (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio do seminario).
Lecturas	Realización e abordaxe analítica dunha serie de lecturas previamente seleccionadas polo docente relacionadas directamente cos contidos abordados no seminario.
Prácticas a través de TIC	Presentación e teste da aplicación de TIC ao estudo da crítica literaria e cultural.
Presentación oral	Exposición oral ao conxunto da turma dos resultados do traballo tutelado e/ou dalgunha lectura das atribuídas polo profesor no inicio das sesións. Durante esas presentacións orais, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o seminario.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Presentación oral	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel polo seminario, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do Traballo Tutelado, das Lecturas e da Apresentação Oral. De maneira xeral, recoméndase que cada alumno/a asista polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición da lectura e/ou a entrega do traballo.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A8 B5 B6 C4	Serán avaliados o nivel de análise e comprensión das materias expostas, así como a resolución dos problemas presentados durante estas sesións, quer através de estudos de caso ou análise de fontes documentais específicas, quer no traxecto das ?discusións dirixidas?, do ?traballo tutelado? e/ou da ?presentación oral?	10
Discusión dirixida	A3 A2 B7 B8 C3 C5	Será avaliado o rigor e a profundidade da análise, as cuestións eventualmente levantadas durante as intervencións, a frecuencia destas e, en xeral, todos os contributos relacionados co acompañamento/ desenvolvemento da materia.	20
Traballos tutelados	A14 B4 C2 C6 C8	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados no seminario. Levarase tamén en conta a calidade lingüística do texto entregado, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para esta actividade.	30
Lecturas	A13 A5 A9	Para alén da eventual presentación oral dalgunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no traxecto das outras presentacións orais e nas discusións dirixidas.	20



Presentación oral	A12 C7	Correspóndese com os resultados e procedimentos do traballo tutelado e, eventualmente, coa estrutura e os contidos principais dos textos atribuídos para a lectura analítica por parte do alumno/a. Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio do contido presentado e a utilidade da presentación para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	20
-------------------	--------	---	----

### Observacións avaliación

A avaliación do seminario será feita de forma continua. Nela serán levados en conta non apenas os elementos referidos no lugar correspondente deste guía mais tamén, de xeito transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesor fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Non será posíbel superar o seminario sen a realización satisfactoria do traballo tutelado.

O estudiantado a tempo parcial ou con dispensa académica realizará ou entregará as actividades indicadas nunha data concertada previamente co docente. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas actividades que o restante e, se non puider asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado da materia.

O alumnado que se apresentar á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsábel polo seminario e, para o superar, realizar aqueles traballos tutelados (5 valores) e aquelas leituras (5 valores) que lle foren encomendados.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel através do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, @s alumn@s deberán realizar satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior xuntamente con aqueles outros traballos que foren agora solicitados.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non presente ningunha das actividades previstas neste guía.

### Fontes de información



## Bibliografía básica

- Bourdieu, Pierre (1991). ?Le champ littéraire. Avant propos?. ctes de la Recherche en sciences sociales, nº 89, pp. 3-46
- Bourdieu, Pierre (1992). Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire. Paris: Éditions du Seuil
- Bourdieu, Pierre (1985). La distinction: critique sociale du jugement. Paris: Éditions de Minuit
- Casas, Arturo (2002). ?A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (para ler González-Millán)?. Anuario de estudos literarios galegos, 29-38
- Casas, Arturo (2007). ?Xoán González-Millán: itinerarios teóricos?. Helena González Fernández & María Xesús Lama (eds.), Actas do VII Congreso Internacional
- Castells, Miguel (2003). La era de la información. El poder de la Identidad. Madrid: Alianza Editorial
- Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- Figueroa, A.; González-Millán, X. (1997). Communication littéraire et culture en Galice. Paris: L'Harmattan
- Fowler, B. (1997). Pierre Bourdieu and Cultural Theory. Critical Investigation. London: Sage
- Even-Zohar, Itamar (2007). Polisistemas de cultura. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
- Even-Zohar, Itamar (2010). Papers in Culture Research. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
- González-Millán, X. (2000). Resistencia cultural e diferenza histórica: a experiencia da subalternidade. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Lamont, M. & Fournier, M. (1992). Cultivating Differences. Symbolic Boundaries and the Making of Inequality. Chicago and London: The University of Chicago Press
- Lourido Hermida, Isaac (2011). As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural. Desenvolvementos teóricos e modelos de renovación nos casos galego e quebequense. Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, Universidade de Santi
- Nooy, W. de (2005). ?Culture in networks?. The Collection and Analysis of Network Data. Summer School of the Quantitative Methods, the Social S
- Pageaux, D. H. (2007). Littératures et Cultures en dialogue. Paris: L'Harmattan
- Rees, C. van (1983). ?Advances in the Empirical Sociology of Literature and the Arts: The Institutional Approach?. Poetics 12, 285-310
- Samartim, Roberto L.I. (2010). O proceso de construción do sistema literario galego entre o franquismo e a transición (1974-1978): margens, relacións, estrutura e estratexias de planificación cultural. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Sapiro, G. (2007). ?Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie?. CONTEXTES 2 (acesíbel en <http://contextes.revues.org/index165.html>)
- Sela-Sheffy, R. (2002). ?Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production?. Neohelicon XXIX(2), 141-159
- Tarrío Varela, Anxo e Abuín González, Anxo (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Thiesse, A. (1999). La Création des identités nationales: Europe XVIIIe XXe siècle. Paris: Éditions du Seuil
- Torres Feijó, Elías J. (2004). ?Roma locuta causa finita? Sobre docencia e crítica da literatura e da cultura?. Aurora Marco et al. (eds.), Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica



<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>1. Angenot, Marc (1979). Glossaire pratique de la critique contemporaine. Quebec: Éditions Hurtubise HMM2. Cabral, Amílcar (1999). Nacionalismo e cultura. Compostela: Laivento3. Capra, Dominick La (2006). Historia en tránsito: experiencia, identidad, teoría crítica. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica4. Casas, Arturo (coord.) (2004). Elementos de crítica literaria. Vigo: Xerais5. Claval, Paul (2003). Géographie culturelle: une nouvelle approche des sociétés et des milieux. Paris: Armand Colin6. Cochón Otero, Iris &amp; Rábade Villar, María do Cebreiro (2004). &amp;quot;A crítica no campo literario. Teorías críticas e identidades emerxentes&amp;quot;. Elementos de crítica literaria, Vigo: Xerais, pp.161-2047. Cunha, Carlos Manuel Ferreira da (2002). A construción do discurso da historia literaria na literatura portuguesa do século XX. Braga: Centro de Estudos Humanísticos/ Universidade do Minho8. Edgardo Lander (comp.) (2000). La colonialidad del saber: eurocentrismo y ciencias sociales. Perspectivas Latinoamericanas. Buenos Aires: Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales9. Fortin, N. (1994). Une littérature inventée. Littérature québécoise et critique universitaire (1965-75). Presses de l'Université Laval: Sainte Foy10. Gaard, Greta; Murphy, Patrick (1998). Ecofeminist Literary Criticism: Theory, Interpretation, Pedagogy. Urbana and Chicago: University of Illinois Press11. Godzich, Wlad (1998). Teoría literaria y crítica de la cultura. Madrid: Cátedra-Universitat de València12. Gutiérrez García, Santiago (2007). ¿La lírica gallegoportuguesa en los procesos de hegemonización y canonización de la literatura gallega?. Anuario de Estudios Medievales, 37/1: 245-26513. Harlow, B. (1987). Resistance literature. Methuen: New York14. Hooper, Kirsty (2005). ¿Novas cartografías nos estudos galegos: nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais?. Anuario de Estudos Literarios Galegos: 64-7315. Jameson, Fredric; Žižek, Slavoj (1998). Estudios culturales. Reflexiones sobre el multiculturalismo. Buenos Aires: Paidós16. López Silva, Inmaculada (2004). Teatro e canonización. A crítica teatral na prensa periódica galega (1990-2000). Lugo: Tris Tram17. Mata, Inocência (1992). Emergência e existência de uma literatura (O caso santomense). Linda-a-Velha18. Moi, Toril (1985). Sexual/Textual Politics. Feminist Literary Theory. London and New York: Routledge19. Moisan, Clément; Saint-Jacques, Denis (dirs.) (1987). ¿L'Autonomisation de la littérature?. Études littéraires, 20, 1.20. Nooy, Wouter de (1991). ¿Social Networks and Classification in Literature?. Poetics, 20: 507-53721. Rees, K. van (1983). ¿How a Literary Work Becomes a Masterpiece: On the Threefold Selection Practised by Literary Criticism?. Poetics, 12: 397-41722. Reis, Carlos (coord.) (1991-1996). História crítica da literatura portuguesa. 9 vol, Lisboa: Verbo23. Saraiva, António José (2000). História da cultura em Portugal. Lisboa: Gradiva24. Schmidt, Siegfried J. (1983). ¿The Empirical Science of Literature ESL: A New Paradigm?. Poetics, 12: 19-3425. Torres Feijó, E. J. (2004). ¿Potencialidades na indústria de ideias na Galiza actual para o relacionamento galego-luso-afro-brasileiro?. [Actas do] VIII Congresso Luso Afro Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra: Centro de Estudos Sociais</p>
------------------------------------	---

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento do seminario serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías